

Seminarios

sobre técnicas de **medición de madeira** e de **recursos forestais** con posibilidade de **aproveitamento enerxético**

setembro 2007

proxecto
mader



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN
E INDUSTRIA
Dirección Xeral de Investigación,
Desenvolvemento e Innovación

O proxecto MADER

O proxecto MADER (*Optimización de técnicas de medición de existencias madeirables e de recursos forestais con posibilidade de aproveitamento enerxético*) desenvolvido pola Asociación Forestal de Galicia entre 2004 e 2007, foi financiado pola Consellería de Innovación e Industria dentro do Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica.

O obxectivo do proxecto era a procura de métodos eficaces de medición de madeira en pé e doutros recursos forestais susceptibles de ser aproveitados para a produción de enerxía.

Os propietarios forestais galegos enfróntanse na actualidade a dous feitos de gran impacto nos montes galegos cultivados:

A baixa do prezo da madeira. Os prezos cada vez máis baixos da madeira, fan que cada día sexa máis importante para o produtor forestal saber con precisión o valor das árbores que quere vender. Por outro lado, a toma de datos para coñecer as dimensións dos fustes e características da masa, é un proceso moi laborioso que require melloras a fin de abaratar os custos e gañar eficiencia.

A valorización de novos recursos forestais. Hoxe en día están comezándose a valorar recursos que antes non tiñan aproveitamento comercial tales como os restos de corta, as pólas, cepos, raíces, etc., para o seu aproveitamento para a produción de enerxía. A valorización destes novos recursos contribuirá non só a aumentar as rendas dos propietarios forestais, se non tamén a controlar o risco de incendios e pragas forestais.

O proxecto MADER foi pensado tendo en consideración estas premisas e coa finalidade de mellorar os servizos que a Asociación Forestal de Galicia ofrece aos silvicultores galegos.

Os resultados do proxecto preséntanse agora en tres seminarios que se celebrarán en Negreira, Tomiño e Cerdido.

Lugar, data e inscrición

Negreira

Casa da Cultura

Xoves 20 de setembro de 2007 ás 20 horas

Tomiño

Antiga escola de Cristelos (Barrantes)

Venres 21 de setembro de 2007 ás 20 horas

Cerdido

Casa da Cultura

Luns 24 de setembro de 2007 ás 20 horas

Inscrición gratuíta nos teléfonos

981 564 011

981 569 140

986 660 864